


HOSTALERIA 2012 - 2013



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

www.cigservizos.org

CLASIFICACIÓN DE ESTABLECEMENTOS E SECCIÓNS

SECCIÓN	CLASIFICACIÓN DE ESTABLECEMENTOS			
	1ª CATEGORÍA	2ª CATEGORÍA	3ª CATEGORÍA	4ª CATEGORÍA
SECCIÓN 1ª				
<u>HOTEIS E HOSTAIS</u>				
Hoteis/Residencia: Albergues. Paradores.	5 Estrelas	3 Estrelas	2 Estrelas	1 Estrela
Hoteis/Apartamento: Moteis. Hostais en estacións termais.	4 Estrelas			
Cidades de vacacións e Camping.				
SECCIÓN 2ª				
Pensións. Fondas. Casas de hóspedes e Pousadas.				3 Estrelas 2 Estrelas 1 Estrela Fondas
SECCIÓN 3ª				
Restaurantes. Casas de comidas. Tabernas que non serven comidas	Luxo Primeira	Segunda	Terceira	Cuarta
SECCIÓN 4ª				
Cafeterías.		Especial	Primeira	Segunda
SECCIÓN 5ª				
Cafés. Cafés/bares. Bares americanos. Whiskerías. Cervexerías. Chocolaterías. Heladerías.	Especial Luxo	Primeira	Segunda	Terceira Cuarta
SECCIÓN 6ª				
Salas de festas. Salas de té. Discotecas. Tablaos flamencos. Salóns de baile. Casinos. Sociedades recreativas.	Luxo	Primeira	Segunda	Terceira

ÁREA FUNCIONAL PRIMEIRA
(RECEPCIÓN, CONSERXERÍA, RELACIÓNS PÚBLICAS, ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN)

GRUPO PROFESIONAL		TAREAS	GRUPO
I	XEFE DE RECEPCIÓN	Xefe de recepción	1
	2º XEFE DE RECEPCIÓN	2º xefe de recepción	3
	XEFE DE ADMINISTRACIÓN	Contable xeral	1
		Xefe 1º	1
	PRIMEIRO CONSERXE	Primeiro conserxe de día	3
		Segundo conserxe de día	5
II	RECEPCIONISTA	Recepcionista	4
		Caixeiro	4
	CONSERXE	Conserxe de noite	5
		Interventor	3
	ADMINISTRATIVO	Contable	3
		Oficial de 1ª	3
III	AXUDANTE RECEPCIÓN E CONSERXERÍA	Axudante recepción	6
		Axudante conserxería	6
		Oficial contabilidade	3
	AXUDANTE ADMINISTRATIVO	Aux. Oficina e contabilidade	4
		Auxiliar de caixa	5
		Telefonista	5
IV	AUXILIAR DE RECEPCIÓN E CONSEXERÍA	Porteiro	7
		Porteiro de coches	7
		Porteiro recibidor	7
		Porteiro de accesos	7
		Porteiro de servicios	7
		Vixiante de noite	7
		Ordenanza de salón	7
		Ascensorista	7
		Botóns	7
		Taquilleiro	5
		Mozo de equipaxes	7

ÁREA FUNCIONAL SEGUNDA
(COCIÑA E ECONOMATO)

GRUPO PROFESIONAL		TAREAS	GRUPO
I	XEFE DE COCIÑA	Xefe de cocina	1
	2º XEFE DE COCIÑA	2º xefe de cocina	2
II	XEFE DE PARTIDA	Xefe de partida	3
	COCINEIRO	Cocifeiro	4
	REPOSTEIRO	Reposteiro	4
	ENCARGADO DE ECONOMATO	Encargado de economato	4
		Encargado de almacén	4
III	AXUDANTE DE ECONOMATO	Axudante de economato	7
		Mozo de almacén	7
	AXUDANTE COCIÑA	Axudante cocifeiro	5
		Axudante reposteiro	6
IV	AUXILIAR DE COCIÑA	Fregador	7

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA

ÁREA FUNCIONAL TERCEIRA
(RESTAURANTES, BARES E SIMILARES)

GRUPO PROFESIONAL		TAREAS	GRUPO
I	XEFE DE RESTAURANTE - SALA	Xefe de comedor	1
		1º xefe de sala	2
	2º XEFE DE SALA	2º xefe de sala	3
II	CAMAREIRO	Camareiro	4
		Dependente 1º	4
		Dependente 2º	6
		Cafetero	5
		Caixeiro comedor	5
		Planchista	4
	BARMAN	Barman	3
		2º barman	4
	SUMILLER	Sumiller	4
	OPERADOR SON	Operador son	
III	AXUDANTE CAMAREIRO	Axudante camareiro	6
		Axudante	6
		Axudante planchista	6
		Axudante de barman	6
		Axudante de dependente	6
		Axudante de cafeteiro	6
		Axudante de piso	6

ÁREA FUNCIONAL CUARTA
(PISOS E LIMPEZA)

GRUPO PROFESIONAL		TAREAS	GRUPO
I	ENCARGADO XERAL	Gobernanta	2
		Encargado de lenceria	5
		Encargado de lavandeiro	5
II	CAMAREIRO DE PISOS	Lenceria	6
		Camareira de pisos	6
		Pranchadora – costureira	6
		Lavandeira – zurcidora	6
III	AUXILIAR DE PISOS E LIMPEZA	Persoal limpeza	7
		Limpadora	7
		Mozo habitación	6
		Mozos de lavandería	6

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA

AREA FUNCIONAL QUINTA
(SERVICIOS DE MANTENIMIENTO E SERVICIOS AUXILIARES)

GRUPO PROFESIONAL		TAREAS	GRUPO
I	XEFA/E DE SERVICIO DE CATERING	Xefa/e de servizo de catering	1
II	ENCARGADA/O MANTENIMIENTO	Encargada/o de traballos	3
III	ESPECIALISTA DE MANTENIMIENTO E SERVICIOS	Mecánica/o calefactor	4
		Ebanista, carpinteira/o	4
		Electricista	4
		Albanel, pintor/a, condutor/a	4
		Fontaneira/o, xardineira/o	4
IV	AUXILIAR DE MANTENIMIENTO E SERVICIOS	Axudante de mantemento	5
		Garda exterior	5

TABOA DE SALARIOS 2012

GRUPOS PROFESIONAIS	CATEGORÍA ESTABLECEMENTO			
	1ª CATEGORÍA	2ª CATEGORÍA	3ª CATEGORÍA	4ª CATEGORÍA
1	1.255,27	1.225,73	1.196,32	1.167,07
2	1.167,07	1.137,44	1.196,32	1.079,81
3	1.102,29	1.072,93	1.043,51	1.014,00
4	984,59	955,15	955,15	927,16
5	886,07	856,69	827,17	827,17
6	841,94	841,94	827,17	827,17
7	841,94	841,94	827,17	827,17

TABOA DE SALARIOS 2013

GRUPOS PROFESIONAIS	CATEGORÍA ESTABLECEMENTO			
	1ª CATEGORÍA	2ª CATEGORÍA	3ª CATEGORÍA	4ª CATEGORÍA
1	1.280,38	1.250,24	1.220,25	1.190,41
2	1.190,41	1.160,19	1.220,25	1.101,41
3	1.124,34	1.094,39	1.064,38	1.034,28
4	1.004,28	974,25	974,25	945,70
5	903,79	873,82	843,71	843,71
6	858,77	858,77	843,71	843,71
7	858,77	858,77	843,71	843,71

Artigo 27.- Complementos en especie.- Todo persoal que ata a data teña recoñecido o dito complemento o seguirá percibindo, sempre e cando non se faga uso do dereito de manutención, a empresa abonaralle 28,32 €, e 11,32 €. respectivamente por cada unha das 12 mensualidades para o ano 2012 e para o ano 2013 serán 28,89 € e 11,55 € respectivamente.

Ás traballadoras e traballadores que fagan uso do dereito de manutención e aloxamento a empresa aboaralles 19,57 € para o ano 2012 e para o ano 2013 20 € durante o período de vacacións independentemente dos complementos salariais previstos para estes conceptos.

Artigo 2.- Vixencia e duración.

A duración deste convenio será de 2 anos, con efectos de vixencia dende o día 1 de xaneiro de 2012 ó 31 de decembro de 2013. Os efectos económicos serán a partir do día 1 de xaneiro de 2012. Todo isto con independencia do seu rexistro pola autoridade laboral e publicación no BOP, salvo as excepcións indicadas no propio texto.

Artigo 4.- Xornada.

A xornada máxima de traballo para o persoal para o presente convenio para os anos de vixencia será de 40 horas semanais. A xornada diaria non poderá ser superior ás 9 horas diarias.

Artigo 5.- Horarios.

A elaboración e fixación de horarios de traballo, será de común acordo entre a empresa e os traballadores, a través dos seus delegados de persoal ou comités de empresa, os cales gozaran os 15 días laborais antes da súa aceptación para consultas de traballadores e demais organismos que consideren oportunos:

- a).- Os devanditos cadros horarios deberán estar expostos en lugar visible e deberán sinala-la hora de entrada e saída, descanso diario e semanal e horarios das quendas.
- b).- Os cadros horarios deberán estar permanentemente expostos en sitios visibles nos centros de traballo.
- c).- Tales cadros horarios teñen que estar de conformidade co establecido no artigo 4 deste convenio, en canto á xornada máxima.
- d).- Os empresarios estarán obrigados a fixarlles un horario especial ós traballadores que realicen cursos de formación profesional de

hostalería, para os efectos de que sexa posible asistir ós citados cursos.

Artigo 6.- Horas extraordinarias.

Cada hora de traballo que se realice sobre a duración máxima da xornada ordinaria de traballo aboarase cun incremento do 100% sobre o salario que corresponda cada hora de traballo individual, de acordo coa táboa de salarios anexa a este convenio.

O número de horas extraordinarias non poderá ser superior a 2 ó día, 15 ó mes e 80 ó ano, así como as limitacións impostas para o efecto pola lexislación en cada momento.

Artigo 12.- Licenzas

As empresas afectadas por este convenio concederán as licenzas retributivas que soliciten os traballadores, logo do aviso e xustificación e polas causas e prazos que a continuación se consignan:

a).- Por matrimonio: 15 días naturais.

b).- Por falecemento de fillos: 5 días naturais.

c).- Por enfermidade grave, accidente, hospitalización ou falecemento de parentes ata o 2º grao de consanguinidade ou afinidade, e 3º de consanguinidade, 3 días naturais. Cando por tal motivo, o traballador necesite facer un desprazamento para o efecto, o prazo será de 4 días naturais.

d).- Por asistencia a exames, o tempo necesario requirido para estes, quedando o traballador obrigado a xustificar tal circunstancia e a duración daqueles.

e).- Por traslado de domicilio habitual: 2 días naturais.

f).- Vodas de fillos, irmáns, bautizos e primeiras comunións de fillos: 1 día se é dentro da provincia, e dous se é fora de ela.

g).- Para realización de funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos legal ou convencionalmente.

h).- Tres días por nacemento de fillo.

j).- As traballadoras por lactación dun fillo menor de nove meses terán dereito a unha hora de ausencia do traballo que poderán dividir en dúas fraccións.


A muller pola súa vontade poderá substituír este dereito por unha redución da súa xornada coa mesma finalidade. De mutuo acordo entre empresa e a traballadora, a hora ininterrompida poderá gozarse ó comezo ou ó remate da xornada.

Artigo 14.- Acumulación do permiso de lactación.

As traballadoras poderán acumular o permiso de lactación en 16 días.

Dito dereito terán que notificarllo ao empresario/a con un mínimo de 15 días de antelación á súa incorporación ao seu posto de traballo unha vez rematado o período de IT por maternidade.

No caso de acollerse a esta modalidade gozarase inmediatamente despois da baixa maternal-paternal na súa totalidade.



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

www.cigservizos.org